Leptospermum scoparium Forst., 1776

leptospermo
leptospermo, manuka, flor de cera
leptospermum
urze-de-jardim



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX **ES** **CR** **EP** **VU** **CA** **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Myrtales**	**Myrtaceae**	***Leptospermum***

ORIXE

Nova Zelandia e sueste de Australia.

CARACTERÍSTICAS

Árbore perenne de ata 4 m de altura. Follas pequenas, estreitas, lanceoladas, perennes e aromáticas, de cor verde escura a agrisada. Flores abundantes, simples ou dobres, con 5 pétalos, brancas, rosas ou vermellas, que cobren as pólas. O froito é unha cápsula leñosa, pequena e dura que contén sementes, de cor marrón, e que se abre ao madurar.

HÁBITAT

Zonas costeiras áridas e breixeiras, prosperando en ambientes solleiros e solos ben drenados, mesmo pobres ou salinos, aínda que prefire solos lixeiramente ácidos a neutros e ricos en nutrientes.

DISTRIBUCIÓN

Nova Zelandia, sueste de Australia, Europa e América.

CURIOSIDADES

O mel de Manuka é un dos máis raros e caros do mundo debido a que a árbore só florece entre 2 e 6 semanas ao ano e ten un composto con potentes propiedades antibacterianas.